

1. Identificación da programación**Centro educativo**

Código	Centro	Concello	Ano académico
36013448	Manuel Antonio	Vigo	2024/2025

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
SAN	Sanidade	CSSAN01	Audioloxía protésica	Ciclos formativos de grao superior	Réxime xeral-ordinario

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0203	Elección e adaptación de próteses auditivas	2024/2025	8	262	262
MP0203_13	Próteses auditivas non implantables	2024/2025	8	172	172
MP0203_23	Próteses auditivas implantables	2024/2025	8	60	60
MP0203_33	Axudas técnicas auditivas	2024/2025	8	30	30

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	PAULA MOREDA BALBOA
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión equipo directivo



2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

A competencia xeral deste título consiste en seleccionar e adaptar próteses auditivas realizando a avaliación audiolóxica, o seguimento da persoa usuaria e o mantemento de próteses, así como determinar medidas de protección acústica a partir da avaliación dos niveis sonoros. Este profesional exerce a súa actividade no sector sanitario público e privado, en empresas privadas do sector, en gabinetes audioprotésicos e en prevención de efectos de ruído ambiental.

As ocupacións e os postos de traballo máis salientables son os seguintes:

- Técnico/a superior en audioprótese.
- Técnico/a especialista audioprotesista.
- Técnico/a en elaboración de moldes e protectores auditivos.
- Técnico/a en medición de nivel sonoro.
- Audiometrista.

Este módulo profesional contén a formación necesaria para desempeñar as funcións de selección e adaptación de próteses e axudas técnicas auditivas, de verificación e de validación do seu rendemento.

Estas funcións abranguen aspectos como:

- Selección e adaptación audioprotésica.
- Verificación da adaptación audioprotésica.
- Validación do rendemento audioprotésico.
- Selección de axudas técnicas.

As competencias específicas do módulo Elección e axuste de próteses auditivas enmarcadas no título son:

- Caracterizar as axudas técnicas auditivas e identificar as súas aplicacións, para as seleccionar en función das necesidades da persoa usuaria.
- Recoñecer as características das próteses auditivas e das axudas técnicas auditivas en relación coas súas aplicacións, para instruír no seu uso e no seu mantemento.
- Aplicar técnicas de comunicación en relación coas características da poboación usuaria, para atender as persoas hipoacúsicas.
- Seleccionar o tipo de prótese auditiva non implantada para cada paciente.
- Regular as próteses auditivas implantadas e adaptar as non implantadas para cada caso.
- Seleccionar e adaptar axudas técnicas auditivas segundo a valoración das necesidades da persoa usuaria.
- Instruír pacientes e familiares no uso e no mantemento da prótese auditiva e das axudas técnicas auditivas.



3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	Próteses auditivas non implantables.	Definición e compoñentes básicos dos audífonos. Clasificación de próteses auditivas non implantables. Características electroacústicas: : interpretación de fichas técnicas e medición co analizador de audífonos. Prestacións dixitais. Variacións electroacústicas dos moldes auditivos.	55	20
2	Proceso de selección e adaptación protésica.	Análise da avaliación audiolóxica do usuario. O proceso da adaptación: toma de decisións e selección da prótese. Software Noah: explicación de tódolos parámetros de adaptación que pode presentar unha prótese auditiva non implantable e como se debe efectuar a súa regraxa en función dos datos do usuario. Métodos prescriptivos. Adaptacións en aberto. Adaptación pediátrica. Casos especiais. Reeducación auditiva. Educación ao usuario: mantemento e coidados das próteses auditivas	55	22
3	Adaptación fina e reaxustes.	Reglaxe das próteses auditivas coas medidas en oído real. Supostos práctico-clínicos de adaptación protésica. Adaptación fina e reaxuste. Solución de problemas e queixas frecuentes na adaptación.	50	22
4	Verificación subxetiva e obxetiva.	Tipos de probas de verificación e escalas de valoración que se poden empregar para ver os resultados da adaptación así coma os reaxustes a levar a cabo para acadar unha óptima programación. Nivel de satisfacción do usuario. Programa de seguimento periódico.	12	10
5	Prótese auditiva implantable.	Tipos de próteses auditivas implantables e as súas características, así coma a indicación en función dos datos audiométricos do usuario. Indicacións e contraindicacións. Parámetros de adaptación e regraxa de próteses auditivas implantables.	40	10
6	Verificación, adaptación e reaxuste de próteses auditivas implantables	Tipos de probas de verificación e escalas de valoración que se poden empregar para ver os resultados de adaptación así como os reaxustes a levar a cabo para acadar unha óptima programación.	20	5
7	Axudas técnicas.	Tipos de axudas técnicas e as súas características así como a indicación de cada unha delas en función dos datos do paciente.	30	11

4. Por cada unidade didáctica

4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Próteses auditivas non implantables.	55

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Selecciona a prótese auditiva non implantable a partir da prescrición médica, tendo en conta a relación entre as súas especificacións técnicas e as características persoais e anatomosensoriais da persoa usuaria.	NO



4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Descríbóronse as características técnicas e electroacústicas das próteses auditivas non implantables.
CA1.5 Seleccionouse a vía de estimulación.
CA1.8 Comprobáronse as características electroacústicas das próteses seleccionadas.
CA1.10 Demostrouse interese por atender as necesidades da persoa usuaria.

4.1.e) Contidos

Contidos
Próteses auditivas non implantables: características técnicas e electroacústicas. Efectos acústicos dos moldes a as cápsulas. Medición das características electroacústicas das próteses auditivas. Normativa de medición.

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	Proceso de selección e adaptación protésica.	55

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Selecciona a prótese auditiva non implantable a partir da prescripción médica, tendo en conta a relación entre as súas especificacións técnicas e as características persoais e anatomosensoriais da persoa usuaria.	NO
RA2 - Axusta a prótese auditiva non implantable aplicando técnicas de adaptación.	NO
RA3 - Comproba o resultado da adaptación da prótese non implantable aplicando técnicas audiolóxicas subxectivas e obxectivas.	NO



4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.2 Descríbense as características persoais, sociais e anatomosensoriais da persoa hipoacúsica.
CA1.3 Defínense os obxectivos da adaptación audioprotésica.
CA1.4 Emítese un pronóstico audioprotésico.
CA1.5 Selecciónase a vía de estimulación.
CA1.6 Determináronse os parámetros de estimulación a través do método de prescrición da ganancia.
CA1.7 Determináronse as características da adaptación protésica.
CA1.8 Compróbanse as características electroacústicas das próteses seleccionadas.
CA1.9 Determináronse os métodos complementarios de rehabilitación do sistema auditivo.
CA1.10 Demostrouse interese por atender as necesidades da persoa usuaria.
CA2.1 Manexáronse equipamentos e aplicacións informáticas para a programación das próteses auditivas.
CA2.2 Demostrouse interese pola incorporación de novas tecnoloxías e novos procedementos na adaptación audioprotésica.
CA2.5 Tivéronse en conta as características individuais da persoa usuaria no axuste dos parámetros da audioprótese.
CA3.4 Considerouse a idade da persoa usuaria e a súa capacidade de resposta durante a avaliación.

4.2.e) Contidos

Contidos
Vías e modalidades de adaptación.
Métodos de prescrición da ganancia.



Contidos
Métodos complementarios de rehabilitación do sistema auditivo. Equipamentos e aplicacións informáticas. Parámetros de adaptación. Preaxuste en acoplador acústico. Adaptación protésica en cativos e cativas, na poboación adulta e en persoas anciás.

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	Adaptación fina e reaxustes.	50

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Selecciona a prótese auditiva non implantable a partir da prescrición médica, tendo en conta a relación entre as súas especificacións técnicas e as características persoais e anatomosensoriais da persoa usuaria.	NO
RA2 - Axusta a prótese auditiva non implantable aplicando técnicas de adaptación.	NO
RA3 - Comproba o resultado da adaptación da prótese non implantable aplicando técnicas audiolóxicas subxectivas e obxectivas.	NO
RA4 - Avalía a satisfacción da persoa usuaria aplicando protocolos de calidade.	NO

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.4 Emitiuse un pronóstico audioprotésico.
CA1.5 Seleccionouse a vía de estimulación.
CA1.7 Determináronse as características da adaptación protésica.



Criterios de avaliación
CA1.8 Comprobáronse as características electroacústicas das próteses seleccionadas.
CA1.10 Demostrouse interese por atender as necesidades da persoa usuaria.
CA2.1 Manexáronse equipamentos e aplicacións informáticas para a programación das próteses auditivas.
CA2.2 Demostrouse interese pola incorporación de novas tecnoloxías e novos procedementos na adaptación audioprotésica.
CA2.3 Axustáronse os valores dos parámetros das próteses auditivas.
CA2.5 Tivéronse en conta as características individuais da persoa usuaria no axuste dos parámetros da audioprótese.
CA3.1 Comprobouse o axuste físico da prótese no paciente.
CA3.4 Considerouse a idade da persoa usuaria e a súa capacidade de resposta durante a avaliación.
CA3.7 Determináronse as correccións para mellorar os resultados.
CA3.8 Realizáronse os reaxustes e verificouse o resultado final.
CA3.9 Responsabilizouse do traballo desenvolvido e do cumprimento dos obxectivos.
CA4.6 Determinouse a necesidade de revisión da adaptación protésica ou de axudas técnicas auditivas.
CA4.7 Demostrouse responsabilidade ante os éxitos e os fracasos.

4.3.e) Contidos

Contidos
Equipamentos e aplicacións informáticas.
Parámetros de adaptación.
Preaxuste en acoplador acústico.
Adaptación protésica en cativos e cativas, na poboación adulta e en persoas anciás.



Contidos
Comprobación do axuste físico das próteses no paciente.
Probas de verificación electroacústica en oído real. Outras probas de verificación obxectiva.
Proceso de adaptación fina e resolución de problemas.

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	Verificación subxetiva e obxectiva.	12

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Selecciona a prótese auditiva non implantable a partir da prescrición médica, tendo en conta a relación entre as súas especificacións técnicas e as características persoais e anatomosensoriais da persoa usuaria.	NO
RA2 - Axusta a prótese auditiva non implantable aplicando técnicas de adaptación.	NO
RA3 - Comproba o resultado da adaptación da prótese non implantable aplicando técnicas audiolóxicas subxectivas e obxectivas.	NO
RA4 - Avalía a satisfacción da persoa usuaria aplicando protocolos de calidade.	NO

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.10 Demostrouse interese por atender as necesidades da persoa usuaria.
CA2.4 Realizáronse medicións electroacústicas de verificación do preaxuste das próteses auditivas de vía aérea.
CA3.2 Descríbíronse as probas obxectivas e subxectivas.
CA3.3 Seleccionáronse as probas de verificación en función do tipo de prótese.
CA3.5 Realizáronse as probas de verificación electroacústica no oído do paciente.



Criterios de avaliación
CA3.6 Realizáronse as probas subxectivas de verificación.
CA3.8 Realizáronse os reaxustes e verificouse o resultado final.
CA3.9 Responsabilizouse do traballo desenvolvido e do cumprimento dos obxectivos.
CA3.10 Demostrouse autonomía na resolución de continxencias relacionadas coa súa actividade
CA4.1 Descríronse as características xerais das escalas de valoración da calidade de vida.
CA4.2 Clasifícanse as escalas consonte a idade de aplicación e os seus obxectivos.
CA4.3 Describiuse o protocolo de aplicación de cada escala.
CA4.4 Seleccionouse a escala segundo as características individuais da persoa usuaria.
CA4.5 Analizáronse os resultados cuantitativamente e cualitativamente.
CA4.7 Demostrouse responsabilidade ante os éxitos e os fracasos.

4.4.e) Contidos

Contidos
Comprobación do axuste físico das próteses no paciente. Clasificación das probas de verificación. Probas de verificación subxectiva en nenos e nenas, e en persoas adultas. Escalas de aplicación xeral. Escalas para a avaliación de nenos e nenas. Escalas para a avaliación da poboación adulta. Escalas específicas para a avaliación de persoas anciás.



4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	Prótese auditiva implantable.	40

4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Adapta a prótese auditiva implantada aplicando técnicas específicas.	SI
RA2 - Comproba o resultado da adaptación da prótese implantada aplicando técnicas audiolóxicas subxectivas e obxectivas.	NO

4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Descríbense as próteses auditivas implantables.
CA1.2 Identifícase a prótese implantada.
CA1.3 Mánexanse equipamentos e aplicacións informáticas para a adaptación das próteses.
CA1.4 Avalíase a integridade da implantación coclear.
CA1.5 Selecciónase o modo de estimulación, a estratexia de codificación e os parámetros de adaptación da implantación coclear.
CA1.6 Determinase o rango dinámico eléctrico correspondente a cada eléctrodo da implantación coclear.
CA1.7 Adaptause a implantación de oído medio.
CA1.8 Axustase o audífono osteointegrado.
CA1.9 Descríbiase a implantación de tronco cerebral.
CA2.1 Compróbase o axuste físico das partes externas da prótese no paciente.



Criterios de avaliación
CA2.2 Descríbóronse as probas obxectivas e subxectivas.
CA2.3 Seleccionáronse as probas de verificación en función do tipo de prótese.
CA2.4 Considerouse a idade da persoa usuaria e a súa capacidade de resposta durante a avaliación.
CA2.9 Responsabilizouse do traballo desenvolvido e do cumprimento dos obxectivos.
CA2.10 Demostrouse autonomía na resolución de continxencias relacionadas coa súa actividade.

4.5.e) Contidos

Contidos
Próteses auditivas implantables. Adaptación de implantacións cocleares. Axuste de audífonos osteointegrados. Programación de implantacións de oído medio.

4.6.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
6	Verificación, adaptación e reaxuste de próteses auditivas implantables	20

4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Comproba o resultado da adaptación da prótese implantada aplicando técnicas audiolóxicas subxectivas e obxectivas.	SI
RA3 - Avalía a satisfacción da persoa usuaria aplicando protocolos de calidade.	SI



4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Comprobouse o axuste físico das partes externas da prótese no paciente.
CA2.2 Descríbóronse as probas obxectivas e subxectivas.
CA2.3 Seleccionáronse as probas de verificación en función do tipo de prótese.
CA2.4 Considerouse a idade da persoa usuaria e a súa capacidade de resposta durante a avaliación.
CA2.5 Realizáronse as probas obxectivas de verificación.
CA2.6 Realizáronse as probas subxectivas de verificación.
CA2.7 Determináronse as correccións para mellorar os resultados.
CA2.8 Realizáronse os reaxustes e verificouse o resultado final.
CA2.9 Responsabilizouse do traballo desenvolvido e do cumprimento dos obxectivos.
CA2.10 Demostrouse autonomía na resolución de continxencias relacionadas coa súa actividade.
CA3.1 Descríbóronse as características xerais das escalas de valoración da calidade de vida.
CA3.2 Clasificáronse as escalas consonte a idade de aplicación e os seus obxectivos.
CA3.3 Describiuse o protocolo de aplicación de cada escala.
CA3.4 Seleccionouse a escala segundo as características individuais da persoa usuaria.
CA3.5 Analizáronse os resultados cuantitativamente e cualitativamente.
CA3.6 Determinouse a necesidade de revisión da adaptación protésica ou de axudas técnicas auditivas.
CA3.7 Demostrouse responsabilidade ante os éxitos e os fracasos.



4.6.e) Contidos

Contidos
Comprobación do axuste físico das partes externas da prótese no paciente. Clasificación das probas de verificación. Probas de verificación subxectiva en nenos e nenas, e en persoas adultas. Probas obxectivas de verificación. Proceso de adaptación fina e resolución de problemas. Escalas de aplicación xeral. Escalas para a avaliación de nenos e nenas. Escalas para a avaliación da poboación adulta. Escalas específicas para a avaliación de persoas anciás.

4.7.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
7	Axudas técnicas.	30

4.7.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Selecciona a axuda técnica complementaria en relación coas características da persoa usuaria e do seu contorno.	SI

4.7.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Descríbóronse as axudas técnicas complementarias.



Criterios de avaliación
CA1.2 Identifícaronse factores individuais e do contorno.
CA1.3 Identifícouse a finalidade das axudas técnicas complementarias.
CA1.4 Determinouse a axuda técnica complementaria.
CA1.5 Verificouse a compatibilidade da axuda técnica complementaria coa prótese auditiva da persoa usuaria.
CA1.6 Adaptáronse os parámetros de funcionamento da axuda técnica complementaria.
CA1.7 Verificouse o resultado da adaptación da axuda técnica complementaria.

4.7.e) Contidos

Contidos
Axudas técnicas relacionadas.
Axudas técnicas non relacionadas coa prótese auditiva.
Selección, adaptación e verificación.

5. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

A avaliación será continua durante todo o proceso de ensinanza-aprendizaxe. MINIMOS EXIXIBLES: Serán todos os criterios de avaliación indicados como mínimo esixible para cada Unidade Didáctica citados con anterioridade INSTRUMENTOS DE AVALIACION: En cada avaliación a cualificación calcularase da seguinte maneira:
--



1. Proba/s escrita/s: 65%. No caso de facer varios exames por avaliación é necesario un mínimo de 5 sobre 10 en cada un deles. A nota calcularase coa media ponderada do resultado de cada UD, segundo o peso de cada UD establecido no punto 3 desta programación..

O exame poderá incluír preguntas curtas e/ou tipo test e/ou imaxes ou gráficos para identificar e/ou interpretar. No caso do tipo test as respostas mal contestadas contan negativo. No caso de que o exame conste de dúas partes poderá ser unha primeira parte tipo test e unha segunda parte de preguntas curtas e/ou interpretación de imaxes e/ou gráficos sendo necesario aprobar cada parte por separado para facer o cómputo final.

2. Actividades de aula (exercicios, traballos individuais, fichas...): 10 %

Cando nalgunha avaliación non se realicen esas actividades, os puntos acumularanse á puntuación do exame escrito. A puntuación final obtida neste apartado so se sumará se se ten aprobada/s a/s proba/s escrita/s e a/s proba/s prácticas. As actividades de aula deberán ser entregadas en prazo e forma. Tódalas actividades entregadas fóra do prazo establecido polo profesor non serán tidas en conta.

3. Proba práctica (25% da nota): consistirá na realización dunha proba ou suposto práctico dos que se traballaron no taller. Para a avaliación de dita proba a profesora contará cunha táboa de observación que versará sobre os criterios de avaliación prácticos do módulo. En caso de non realizarse unha proba práctica, terase en conta as actividades prácticas realizadas durante as clases e recollidas no caderno de prácticas. Se un alumno non entrega o caderno de prácticas non será avaliado da parte práctica, obtendo unha cualificación final negativa. O caderno vale un 5% da cualificación final da parte práctica. (20% exame práctico + 5% caderno= 25% proba práctica)

Para superar cada avaliación o alumnado terá que ter aprobadas cada unha das partes (proba teórica e proba práctica). As actividades de aula non se suman se non están aprobadas as partes citadas con anterioridade.

Para acadar unha AVALIACIÓN FINAL POSITIVA, o alumn@ terá que superar tódalas avaliacións parciais e poder así considerar aprobado o módulo. A nota final será o resultado da media das avaliacións parciais, debendo obter un mínimo de 5 en cada unha delas. A cualificación será un número enteiro.

Na avaliación final (xuño) se o decimal que acompaña á cualificación é inferior a 0.5, o número enteiro resultante será o inmediatamente inferior. Se o decimal que acompaña á cualificación da unidade é igual ou superior a 0.5 o número enteiro resultante será o inmediatamente superior.

O alumno que supere o 10% de faltas NON XUSTIFICADAS das horas totais do módulo perderá o dereito a avaliación continua, tendo que realizar unha proba final extraordinaria sobre os contidos mínimos do módulo.

Calquera detección de fraude na realización da proba levará á expulsión do alumno e cualificación de 0 puntos na proba.
Queda prohibido o uso de teléfonos móbiles, tabletas ou calquera outro medio de comunicación do alumnado co exterior

OBSERVACIONES:

- 1.-Os exames, ensinaranse ao alumnado que o solicite corrixidos e cualificados, e quedarán arquivados en poder do profesor/a. Do mesmo xeito os traballos e actividades quedaran arquivados en poder do profesor cando éste o considere
- 2.- Segundo o DECRETO 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar Non está permitido o uso de teléfonos móbiles e outros dispositivos electrónicos, salvo en casos excepcionais co consentimento previo do profesor
- 3.-Os alumnos que por superar o número de faltas permitido acade Perda de Dereito a Avaliación Continua pode seguir asistindo a clase igual que o resto do alumnado sempre que o desexe. O profesor valorará se o/a alumno/a pode asistir ou non a determinadas prácticas.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas**6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación**

-Ainda que a avaliación é continua, para o alumnado que non supere algunha das avaliacións parciais, programaránse durante o mes de xuño actividades de recuperación consistentes nalgunha ou varias das seguintes actividades segundo as UD pendentes: actividades prácticas no taller de elaboración, proba teórica, proba práctica ou teórico-práctica e/ou entrega das tarefas pendentes propostas durante o curso.

Estas probas abarcan os CA pendentes e concretaránse para cada alumno (tomando como referencia os obxectivos xerais do módulo e os contidos non adquiridos).

Para calcular a nota da recuperación das partes non superadas, aplicaranse as mesmas porcentaxes que durante o curso, é dicir, un 65% a parte escrita, un 25% a parte práctica e un 10% as actividades de aula.

O alumno deberá entregar os traballos solicitados polo profesor ou a realización das actividades de aula para examinarse da parte teórica.

O alumnado da oferta modular que non supere o módulo, despois da avaliación final de módulos, por non acadar os RA mínimos exixibles, deberá formalizar unha nova preinscripción e matrícula.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

O alumnado que perdera o dereito á avaliación continua por ter superado o 10% das faltas de asistencia sen xustificar (26 horas xa que o módulo ten una duración de 262 horas) poderá presentarse a unha proba extraordinaria de avaliación final do módulo. Este alumnado con perda ó dereito á avaliación continua poderá seguir asistindo ás clases pero terá que realizar dita avaliación extraordinaria (proba extraordinaria),



despois da avaliación final do módulo.

-Esta proba consistirá en:

*Unha proba escrita teórico-práctica que poderá conter preguntas tipo test e/ou preguntas de desenvolvemento, preguntas cortas e/ou completar cadros ou esquemas sobre os contidos do módulo. A duración máxima desta proba será de 2 horas. Esta proba deberá obter unha cualificación de 5 para poder optar á seguinte proba.

*Unha proba práctica a partir dun ou varios supostos prácticos dos realizados na aula. A duración máxima desta proba será de 3 horas.

A cualificación das probas será a seguinte:

Proba escrita: 50 % do peso da cualificación.

Proba práctica: 50% do peso da cualificación.

-Cada proba cualificarase por separado. O valor de cada proba estará entre 0-10 puntos, e para a nota global aplicaranse as porcentaxes anteriores.

-Para acadar a cualificación de APTO será necesario ter aprobadas cada unha das probas

Calquera detección de fraude na realización da proba levará á expulsión do alumno e cualificación de 0 puntos na proba.

Queda prohibido o uso de teléfonos móbiles, tabletas ou calquera outro medio de comunicación do alumnado co exterior

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

Os principais indicadores do grao do cumprimento da programación serán:

-O grao de cumprimento da temporalización

-O logro dos obxectivos programados

Para a avaliación da práctica docente recabarase información a través de cuestionarios periódicos pasados aos alumnos nos que se solicitará valoración sobre a metodoloxía e aspectos relativos á docencia, a forma de traballo na aula e no taller, técnicas de avaliación, así como cuestións que indiquen se se acadaron os obxectivos das distintas unidades didácticas.

Realizarase o seguimento da programación, que será documentada mensualmente co modelo Seguimento da Programación (MD.75.PRO.03), a elaboración dunha memoria final do módulo e avaliación final da programación.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

-Realizarase unha avaliación inicial para detectar os coñecementos previos do alumnado en relación ao módulo. Realizarase así, para esta avaliación inicial, un cuestionario non puntuable con preguntas tipo test e/ou preguntas cortas para ver os coñecementos cos que parte cada alumno, de forma que se teñan en conta os coñecementos procedentes dos contidos dos módulos do 1º curso do ciclo de AudioloXía Protésica e en relación con este módulo. Así mesmo, intentarase coñecer todas aquelas limitacións que poida presentar carquera alumno.

-Observarase ao alumnado nas primeiras semanas do curso e emitirase un informe para o tutor/a.

-O tutor/a recabará os:

*Informes individualizados do alumnado repetidor.

*Información de estudos académicos.

*Ditames específicos do alumnado con calquera tipo de discapacidade, con necesidades educativas especiais e experiencia laboral previa.

Segundo o artigo 28 da Orde do 12 de Xullo de 2011, o/a tutor/a levantará acta dos acordos da sesión de avaliación inicial do equipo docente, e remitirá copia á xefatura de estudos.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Para o alumnado, que tras a avaliación inicial, se detecten necesidades de reforzo educativo, por non ter adquiridas as competencias dos estudos cursados con anterioridade, propoñeranse TAREFAS COMPLEMENTARIAS, que se realizarán fora do horario do módulo, e serán supervisadas polo profesor, sempre e cando o alumnado así o requira.

Ditas tarefas engloban conceptos de apoio, reforzo e soporte así como o máis esencial dos criterios de avaliación de cada unidade a modo de contidos mínimos. Trátase de adaptar aqueles aspectos de proceso de ensino-aprendizaxe susceptibles de modificación que permitan ao alumno a adquisición dos resultados de aprendizaxe do módulo, requisito imprescindible para a superación do mesmo.



Estas tarefas complementarias non deben afectar a temporalización que figura na programación, para así poder desenvolver todos os RA asociados ao módulo e non perxudicar ao resto do alumnado que sí ten adquirido as competencias asociadas aos estudos previos necesarios para o acceso a Ciclo Superior de FP.

O responsable de levar a cabo este proceso de atención ás necesidades educativas do alumnado é o profesor tutor, que coordinará a elaboración e implantación do reforzo ou a adaptación curricular, coa colaboración do Departamento de Orientación do Centro Educativo e do Equipo de Orientación Específico da provincia, nun traballo consensuado polo equipo docente do ciclo. A adaptación curricular será necesario realizala cando un/ha alumno/a non responda globalmente aos obxectivos programados, para cada un deles e de xeito individualizado as seguintes actuacións, xunto con outras posibles no marco de acordos do equipo docente, logo da detección de casos e situacións concretas:

o Aplicar o establecido no apartado de contidos mínimos.

o Reforzar con explicacións máis sinxelas, ampliando o nivel de axuda documental e de asesoramento ao alumnado, mais sempre no contexto dos mínimos de cada capacidade terminal.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

Ao longo de todo o curso, favoreceráanse os seguintes valores, en gran parte, a través das diversas actividades que se realizarán ó longo do mesmo:

- Igualdade entre mulleres e homes.
- Integración do alumnado con discapacidade.
- Fomentar o respecto muto.
- Igualdade de trato.
- Liberdade de pensamento.
- Empatía e traballo en equipo.
- Educación para a saúde.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

As actividades complementarias propostas, son as seguintes e poderán estar deseñadas dende o propio centro ou poderán xurdir ó longo do curso na cidade ou entorno da mesma:

- Conferencias de audioloXía.
- Charlas de profesionais.



- Talleres de presentación de produtos audiolóxicos dentro ou fora do centro educativo.
- Sesións formativas.
- Presentación de empresas do sector.
- Visitas a centros auditivos e/ou fábricas de audífonos.
- Participación en congresos e/ou cursos relacionados dentro ou fóra do centro educativo.
- Participar no proxecto social "Oír para vivir" do CIFP Manuel Antonio.
- Actividades que poidan xurdir ao longo do curso e teñan relación co currículo do módulo, organizadas por diversas institucións educativas e profesionais.

10.Outros apartados

10.1) Avaliación das unidades didácticas

En canto a avaliación, poderase levar a cabo mediante:

- Táboas de observación.
- Traballos individuais e/ou en grupo.
- Probas escritas, prácticas e/ou teórico-prácticas.

A programación estará a disposición do alumnado na aula virtual